



## PROCESO DE BAREMACIÓN - DOCUMENTACIÓN QUE SE PODE APORTAR

**PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN:** **do 26 de marzo ao 12 de abril**, na Secretaría do centro. A presentación desta documentación ten carácter voluntario.

- Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os seguintes datos:
  - a) DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
  - b) Domicilio fiscal.
  - c) Renda anual per cápita da unidade familiar (ano 2019).
  - d) Condición de familia numerosa.
  - e) Discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

Polo tanto, **só terán que presentar a citada documentación aqueles solicitantes que deneguen expresamente a consulta automática dos datos**. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos que acrediten calquera destas circunstancias.

- Se o estima oportuno, **pode presentar no Centro a seguinte documentación** para acreditar os seguintes puntos do proceso de baremo:
  - Irmás/áns do solicitante matriculadas/os no centro durante o curso escolar para o cal solicita a admisión.
    - Fotocopia completa do libro ou libros de familia ou, no caso das/os menores en situación de acollemento, mediante fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar
  - Proxenitora, proxenitor ou tutores traballadores do propio centro.
    - A acreditación deste criterio será realizada polo propio centro, incorporando ao expediente a documentación que proceda.
  - Proximidade do centro ao domicilio familiar (puntuación máxima 6 puntos) ou ao lugar de traballo (puntuación máxima 4 puntos). Débase escoller unha, xa que non son acumulables.
    - Domicilio familiar: certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo, o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.  
De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación complementaria: copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome da persoa ou persoas que solicitan a admisión.
    - Lugar de traballo: acredítase con a) No caso de persoas que presten servizos retribuídos por conta allea, mediante a achega de documento expedido para o efecto pola/o empregadora/or xunto cunha copiado contrato de traballo. O centro de traballo deberá estar determinado nunha localidade e enderezo concreto. b) No caso de traballadoras e traballadores por conta propia, mediante a alta censal inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, con todas as posibles modificacións

posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente. c) O persoal ao servizo das administracións públicas presentará unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

- Condición de familia monoparental.
  - A estes efectos, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.
  - Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.
- Só en bacharelato: nota media obtida no terceiro curso da ESO ou na titulación alegada.
  - Acreditarase mediante unha certificación académica persoal.

**A falta de presentación en prazo da documentación requirida impedirá ter por acreditado o criterio ou criterios afectados, e en consecuencia, impedirá valoralos para efectos de determinar a puntuación.**